

R. Mariño Paz (2008): “Sobre os conceptos de cultismo e semicultismo e a súa importancia para a historia lingüística e cultural”, en E. Corral Díaz / L. Fontoira Suris / E. Moscoso Mato: *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 513-526.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

SOBRE OS CONCEPTOS DE CULTISMO E SEMICULTISMO E A SÚA IMPORTANCIA PARA A HISTORIA LINGÜÍSTICA E CULTURAL*

Ramón Mariño Paz

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. Voz patrimonial, cultismo e semicultismo

Nos traballos de lingüística histórica é costume considerar que o léxico de filiación latina das linguas románicas está distribuído en tres grandes estratos: o das palabras populares, o dos cultismos e o dos semicultismos. No entanto, con máis frecuencia da que sería admisible ou soportable, estes conceptos véñense utilizando intuitivamente, sen unha suficiente delimitación dos seus respectivos alcances. Particularmente borrosos adoitan presentarse os perfís da noción de semicultismo, mesmo en obras clásicas que gozan de gran reputación.

Do meu punto de vista, o esforzo de clarificación e sistematización da abundante bibliografía producida a este respecto conduce á conclusión de que os criterios que comunmente se empregan para a diferenciación destes tres estratos de voces latinas son no esencial os dous seguintes:

1. Como e a través de que vías se transmitiron desde o latín ata o romance.
2. Cal é a configuración fonética e o contido semántico que as palabras presentan como consecuencia de coñeceren o tipo de transmisión que coñeceron.

* Dada a pequena extensión asignada ás contribucións reunidas neste volume, non me é posible desenvolver neste meu traballo as abreviaturas correspondentes ás fontes medievais galegas que cito nel. O lector interesado poderá consultar estes pormenores no TMILG (X. Varela Barreiro (dir.) (2004): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/tmilg>)), que é o recurso informático de que me servín para recadar a información que precisaba.

1.1. Voz patrimonial

As palabras patrimoniais, tamén chamadas *herdadas* ou *hereditarias*, son aquelas que chegaron aos distintos territorios románicos no momento da latinización. Por tanto, aínda que é obvio que tamén se usaron e se usan na lingua escrita e mais no discurso oral coidado, a súa vía de transmisión primaria para a gran maioría dos falantes foi a da comunicación oral espontánea. Como consecuencia disto, caracterízanse por presentaren unha configuración fono-silábica que é o resultado dos efectos causados nelas polas distintas mudanzas fonéticas consumadas na respectiva comunidade falante no devir dos tempos. Adoitan ser palabras gramaticais, ou ben palabras léxicas que se inscriben nos que poderíamos considerar os campos semánticos do cotián: elementos da cultura material; formas de configuración do terreo; relacións de parentesco; actividades, cualidades, accións e sentimentos básicos; etc. Conforman, pois, o núcleo fundamental da estrutura gramatical e unha parte básica do acervo léxico do idioma. *Arado, millo, outeyro, auoo, semñar, longo, amar, sempre, o, este, ela* ou *algũu* son palabras patrimoniais que aparecen de continuo nas fontes galegas medievais.

1.2. Cultismo ou latinismo

Pola súa parte, os chamados cultismos penetraron e penetran nos idiomas románicos a través da escritura, a través dos discursos orais de carácter formal (predica relixiosa, exposición doutrinal...) ou, modernamente, a través das intervencións propias dos gabinetes de planificación lingüística. Como son préstamos que se toman directamente do latín ou do grego (ou do grego a través do latín) para cumpriren determinadas funcións en rexistros formais, non experimentan os cambios fonéticos a que secularmente estiveron sometidas as palabras patrimoniais utilizadas na lingua oral espontánea e adoitan inscribirse nos campos semánticos propios da actividade intelectual e profesional das elites letradas: filosofía, teoloxía, ciencia, técnica, liturxia, labor notarial ou chanceleresco... Coma a xeneralidade dos préstamos, os cultismos pertencen basicamente a tres categorías ou clases de palabras léxicas: substantivos, adxectivos e verbos¹. *Físico, (h)onesto* e *manifestar* son cultismos que se len en fontes galegas medievais.

O cultismo, daquela, non é outra cousa que un determinado tipo de préstamo lexical que se caracteriza fronte a outros por ser a lingua da que procede unha lingua “sabia” e morta que ademais resulta ser a orixe da que dimanou ou emerxeu o propio sistema receptor. Trátase dunha denominación hoxe en día consagrada a pesar de

1 Véxanse, a este respecto, os datos que para o castelán moderno ofreceron Patterson e Urrutibéheity (1975: 22-25).

resultar problemática por distintos motivos sobre os que non falarei aquí por falta de espazo para facelo. A meu entender, o emprego dunha etiqueta como a de *latinismo* (en liña coas de *arabismo*, *xermanismo*, *galicismo*, *hebraísmo*, etc.) podería resultar beneficiosa por ser máis precisa e menos equívoca ca a de *cultismo*. Mais non pretendo con esta breve e modesta contribución remover un uso xa moi consolidado nos estudos de lingüística histórica.

Como dicía anteriormente, nos idiomas neolatinos o latinismo é un préstamo procedente dunha lingua que resulta ser a orixe da que dimanou ou emerxeu o propio sistema receptor. Isto significa que os usuarios dos distintos romances só empezarán a sentir os latinismos como préstamos cando cristalízase a diferenciación de tales romances respecto do latín, é dicir, cando nos respectivos espazos románicos se dese asentado a consideración de que as variedades lingüísticas propias e o latín eran xa linguas diferentes. Ora, é evidente que a maduración destas concepcións lingüísticas non puido darse máis que ao longo de períodos de tempo dilatados, e non instantaneamente, é dicir, non en momentos precisos do devir da historia lingüística neolatina. Pareceríame ridículo, por tanto, discutir sobre cal puido ser o momento exacto en que latín e romance se empezaron a distinguir como linguas distintas nun determinado territorio románico, e considero máis sensato falar de amplos períodos de transición que diferirían no seu inicio, extensión e finalización duns espazos lingüísticos para outros. A este respecto, péreceme pertinente a seguinte observación de Bustos Tovar (1974: 137), referida especificamente ás relacións entre o latín e o romance castelán:

La cultura del siglo XIII significará [...] el extrañamiento definitivo de las dos lenguas. Es entonces cuando el cultismo adquiere su pleno valor de préstamo. Hasta entonces, sólo un pequeño número de cultismos debieron sentirse como voces ajenas al fondo patrimonial.

Sinala Bustos o século XIII como o período en que acabou de consumarse o estrañamento definitivo entre o latín e o romance en Castela, o que obviamente implica que o proceso afundía as súas raíces nas centurias anteriores, é dicir, na longa andadura histórica iniciada na segunda metade do século XI en que a reforma cultural e lingüística de impronta cluniacense se foi espallando pola metade setentrional da Península Ibérica.

Se volvemos agora os ollos para o romance galego medieval con esta reflexión na mente, creo que se nos impón a observación de que non debemos considerar como realidades enteiramente homologables os “latinismos” que podemos rastrexar nos textos notariais híbridos latino-romances, propios de finais do século XII e do XIII, e aqueloutros que se rexistran en obras literarias e non literarias en xeral máis tardías, coma as *Cantigas de Santa María*, a lírica profana, as traducións literarias, historiográficas e xurídicas do XIII e o XIV, os libros de temática relixiosa, as obras ou manuais

de carácter técnico, os instrumentos notariais da segunda metade do douscentos e posteriores... O esforzo por ensaiar escritas especificamente romances é para min un indicio indiscutible da maduración que en determinadas alturas históricas atinxiron os procesos de diferenciación conceptual entre o latín e distintas variedades neolatinas, de modo que só me parece atinado falar de latinismos léxicos cando estamos a tratar de préstamos rastrexados en textos escritos inequivocamente nunha variedade románica. Para o caso do galego, isto significa que a meu ver non se debería aplicar a etiqueta de latinismos a palabras que se encontren en fontes latinas ou latino-galegas dos inicios do século XIII ou anteriores, pois a adopción dun “latinismo” non se daría nelas coa consciencia de estar a tomar unha palabra dunha lingua diferente da propia, como hoxe nos sucede cando empregamos anglicismos ou empréstitos vocabulares doutras orixes. Certeiramente soubo velo Bustos Tovar (1974: 28), para quen

el cultismo [i.e. o latinismo] es un préstamo con los mismos caracteres esenciales que poseen los préstamos realizados por lenguas vivas. El latín es al mismo tiempo que origen de las lenguas romances, superestrato permanente, puesto que sigue proporcionando a través del tiempo nuevas voces, cuando los nuevos hechos de cultura así lo exigen. Este fenómeno se produce, además, de una manera consciente. Responde a una conciencia lingüística, formulada explícitamente, por ejemplo, por Alfonso X cuando explica el origen de los neologismos que las nuevas nociones científicas demandan (Bustos Tovar 1974: 28).

Unha molesta adherencia da que dificilmente pode librarse o termo *cultismo* é o feito de que evoca asociacións que contribúen a identificar as palabras que así se denominan como unidades destinadas a permanecer para sempre nos rexistros formais da lingua. Calquera profesor de gramática histórica con algo de experiencia sabe da necesidade de non deixar de advertir con frecuencia aos alumnos que se debe excluír a idea de que o cultismo é un neoloxismo que agroma nas variedades diastráticas e diafásicas altas dos idiomas e que permanece para sempre como voz propia de tales rexistros. Na miña opinión, tal advertencia é necesaria porque o termo cultismo, aínda que consagrado polo uso, resulta desafortunado por non designar con clareza o concepto a que con el se quere aludir: o concepto de ‘préstamo léxico tomado do latín para unha lingua románica’, e non propiamente o de ‘palabra propia dos estilos ou rexistros cultos’. Coma a dos neoloxismos doutras orixes, a circulación dos latinismos desde os estilos orais e escritos formais ata os coloquiais adoita ser fluída, polo que se debe ter presente a recomendación de Malkiel (1957: 53), para quen convén non lles dar aos termos *cultismo*, *semicultismo* e *voz patrimonial* alcances semánticos que vaian alén do puramente fonético:

Tres resultados de lingüística general se desprenden de nuestro análisis. Primero, la extraordinaria fluidez de los límites entre los dialectos tanto sociales como regionales, lo cual permite que una voz de rasgos patrimoniales ascienda al estilo más aristocrático o artísticamente

rebuscado y, por otra parte, que una voz en un principio culta o cortesana descienda al habla rústica. En casos extremos, que se pueden observar con nitidez en italiano, paradójicamente un cultismo perdura sólo en el nivel dialectal, mientras el habla urbana prefiere la variante patrimonial, es decir, originariamente rústica. Es bien raro el caso de una formación que sea culta en todos los romances. Situación tan inestable impone la necesidad de restringir el significado de 'culto', 'semiculto' y 'patrimonial' al juego de las normas fonéticas, para no quitar a estos rótulos un grado mínimo de precisión.

O propio Malkiel, Clavería Nadal (1991: 12) e outros autores teñen sinalado exemplos ben elocuentes desta labilidade tomados do castelán, coma o de *bebido* e *beodo* ou de *rápido* e *raudo*. Do galego podemos dicir, por exemplo, que, de acordo cos datos que ofrece o Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG), a forma patrimonial *door* amósase ben viva desde o século XIII ata o final do período medieval, ao tempo que *coor* xa parece declinante no XIV; e podemos dicir tamén que a mesma fonte deixa ver que *color* xa se usaba bastante no XIII e continuou a empregarse ata o final do XV, mentres que de *dolor* hai abundantes testemuños do XIV e do XV. No galego actual *color* e *dolor* son máis populares ca as formas patrimoniais *cor* e *dor*, que se adoitan reservar para a lingua escrita e para os rexistros orais coidados. Claro está que á calor desta observación aflora inevitablemente outro dos problemas que asexan constantemente a quen se ocupa destas cuestións: que non sempre é posible determinar con toda a certeza se unha voz é un latinismo ou un préstamo doutra procedencia. No caso que agora nos ocupa, sempre será discutible a cuestión de se *color* e *dolor* eran no galego medieval latinismos ou castelanismos.

Igualmente, resultan moi ilustrativos da cuestión que estou a comentar os casos dos cultismos *flor* e *florear* ou *florecer*, de uso hoxe en día moitísimo máis estendido ca *chor* ou *chur* e ca *chorear* ou *churir*, respectivamente (cf. ALGa 3: mapa 322; García 1985: s.v.). Na realidade, esta situación era xa a propia do galego medieval, como pode concluírse da consulta do TMILG, que só amosa as solucións con /t/ no topónimo *Chorente* (AP; VFD, anos 1457, 1487, 1491). Ora ben, tamén é certo que non é doado explicar por que para un substantivo concreto coma *flor*, que con certeza forma parte do vocabulario nuclear ou fundamental da lingua, puido impoñerse o latinismo sobre o tratamento popular ou patrimonial. Descarto por completo a posibilidade de resolver nesta breve contribución tal enigma, sobre o que xa teñen elucubrado diversos autores. Soamente quero lanzar aquí a hipótese de que, por razóns que se me escapan, a mudanza fonética [fl-] > [t-] talvez só alcanzou co substantivo *flor* e os seus derivados unha difusión limitada xeográfica, social e/ou contextualmente, de tal maneira que as variantes conservadoras (con [fl-]) se acharían nunha situación que lles permitiría prevalecer sobre as innovadoras, de tal xeito que xa no século XIII serían as propias do uso lingüístico común. *Flor* podería ser unha variante conservadora de *chor*.

En definitiva, e volvendo ao rego, creo que a de latinismo é unha denominación menos equívoca, menos incómoda e máis precisa ca a de cultismo para o concepto de ‘préstamo tomado do latín’. Así, igual que se fala de xermanismos, arabismos, galicismos, anglicismos, lusismos ou italianismos, fálase tamén de latinismos. Esta terminoloxía, e esta perspectiva, contribúe a poñer de manifesto as semellanzas existentes entre todos estes tipos de préstamos lexicais, sen por iso escurecer a percepción das singularidades propias dos latinismos.

1.3. Semicultismo

Tarefa ardua terá por diante quen se esforce en procurar na bibliografía dispoñible definicións deste termo que teñan perfís nítidos e que sexan empregadas coincidente e consecuentemente por numerosos autores². Moi a miúdo, quen se lance a esa busca non atopará nas obras que consulte outra cousa que vagas presentacións dos semicultismos como formas cunha contextura fonética intermedia entre a dos cultismos e a das palabras patrimoniais, como voces que non se poden catalogar claramente nin como unha cousa nin como a outra, como híbridos. Con todo, atendendo aos dous grandes criterios para a definición dos tres estratos de voces latinas das linguas románicas que enunciéi ao principio deste artigo, creo que se pode atinxir un aceptable nivel de precisión caracterizando os semicultismos (ou semilatinismos) da maneira que a seguir expoño.

Atendendo ás súas formas e vías de transmisión, os semicultismos poden ser voces latinas chegadas a través de estilos formais da lingua oral sobre os que pesaron os hábitos articulatorios propios dos rexistros coloquiais. Pénsese nomeadamente en certas palabras moi utilizadas na liturxia, na prédica relixiosa ou nos actos propios das actividades notariais e escolares durante os últimos tempos do imperio romano e na Alta Idade Media, como *clericus*, *apostollicus* ou *uicarius*, que na boca dos non letrados e na dos letrados que en determinadas circunstancias acollisen hábitos articulatorios populares darían os resultados *clérigo* ou *crego*, *apostóligo* e *vigario*, dos que temos abundante documentación escrita no CODOLGA e mais no TMILG³. Pódese tratar

2 Sobre o uso da etiqueta *semicultismo* no *Manual de gramática histórica española* de Menéndez Pidal fixo Clavería Nadal (1998: 114) unha afirmación tan categórica coma esta: “Una vez presentados todos los vocablos que Menéndez Pidal explica por semicultismo, es posible cerciorarse de que la etiqueta se aplica en circunstancias diferentes y, por tanto, las palabras así calificadas responden a criterios bien heterogéneos”.

3 De *crego* só aparecen no TMILG seis rexistros (de 1266 a 1489) que se concentran na prosa notarial, mentres que de *clérigo* e variantes se atopan máis de 2300 e en todo tipo de fontes e épocas; é probable que *crego* fose unha forma asociada aos estilos coloquiais e, por tanto, que vise seriamente entorpecido o seu acceso á escrita. Como decontado veremos, *apostóligo* recóllese en textos do XIII mais non se

tamén de voces do léxico común sobre as que gravitaron tendencias conservadoras que requiren investigacións aínda pendentes (coma tal, *cossairo* ‘individuo que corre os mares embarcado en navíos lixeiros’, *fror...*)⁴. Transmisións vocabulares realizadas dalgunha destas maneiras traerían como resultado unha certa resistencia das palabras así tratadas a secundar todas as mudanzas fonéticas que si secundaron as patrimoniais, pois no seu caso o influxo culto non sería tan potente que permitise que escapasen ao efecto de todas as mudanzas fonéticas aínda en marcha no momento da súa chegada.

Case todos os semicultismos son substantivos ou verbos transmitidos con participación máis ou menos activa do falante non letrado.

2. A importancia da análise dos cultismos e os semicultismos para o progreso dos estudos de historia lingüística e cultural

Como neoloxismos nados nos rexistros orais elevados e nos xéneros literarios máis arredados da transcrición da lingua oral espontánea, os cultismos constitúen un sector do vocabulario das linguas intimamente ligado á produción e transmisión dos textos filosóficos, teolóxicos, científicos, técnicos e artísticos. Na Idade Media, a incorporación de latinismos nace como resposta á necesidade nominalizadora orixinada pola decisión de escribir en romance sobre materias que anteriormente se trataban en latín. Obxectos e conceptos do universo cultural medieval debían ser nomeados en romance, e para o facer nada máis fácil que acudir á lingua en que todos os doutos se formaban, que presentaba dúas vantaxes, dous grandes atractivos: 1) estar dotada dun rico e variado vocabulario como consecuencia do seu dilatado cultivo secular ao longo de vastos territorios europeos e perieuropeos; e 2) ser unha lingua próxima ao romance, tan próxima que mesmo pode pensarse que houbera autores, sobre todo

rexistra xa nas fontes do XV, nas que semella definitivamente substituído polo latinismo *apostólico*. En documentación latina, o CODOLGA amosa rexistros de *vigario* ou variantes desde 934-938, mentres que o TMILG os ofrece en abundancia desde 1254 ata 1487.

4 Outras quizais non sexan propiamente semicultismos, senón palabras forxadas en estilos de lingua escrita coma o dos documentos notariais altomedievais, en que resultou decisiva a tendencia para a aproximación entre o latín e o romance nalgunhas partes da súa estrutura. Así, as formas escritas *sauto* e *sautu* non teñen que corresponderse sempre e necesariamente cun vocábulo da súa lingua oral coetánea, pois en certos casos poderíase tratar de variantes empregadas só nos instrumentos notariais que resultarían do compromiso entre o latín *saltus* e o romance *souto*. Talvez houbera con algunhas voces unha resistencia a que se adoptase a feitura gráfica máis próxima da súa realización fonética na lingua oral.

antigos, que non sentisen os latinismos como neoloxismos estraños á súa propia lingua. Despois da Idade Media, as grandes revolucións industrial, científica e tecnolóxica provocaron grandes demandas de novo vocabulario especializado que se nutriron sobre todo das ricas fontes latina e grega. Todo isto significa que o estudo dos cultismos lexicais nun determinado período da historia dunha lingua románica conduce inevitablemente a reflexionar sobre certos aspectos da vida cultural do pobo ou pobos que falou ou faláron esa lingua durante a época seleccionada, e tamén que facer a historia da incorporación e a transmisión dos latinismos nunha lingua ou nun grupo de linguas non é outra cousa que facer historia cultural desde o ámbito propio da lingüística.

Os semicultismos, pola súa parte, revélanse tamén como elementos lingüísticos capaces de nos brindar información moi valiosa quer sobre determinados aspectos da vida cultural e relixiosa das épocas en que vigoraron, quer sobre cuestións relacionadas coa historia de actividades profesionais de tanto relevo coma a docente e a notarial, quer sobre outros asuntos.

Nas liñas seguintes ofrezco unha mostra das posibilidades que abre esta liña de investigación. Trátase dunha breve exposición histórica sobre o emprego do semicultismo *apostólico* e do cultismo *apostólico* en galego e nos romances veciños.

2.1. Apostóligo e apostólico

En alternancia con *papa* e portando exactamente o mesmo significado, o substantivo *apostóligo(s)* (< lat. APOŦTŦLĪCU) utilizouse na *Crónica Xeral Galega* (TC) nun total de sesenta e catro ocasións, sempre como traslado do castelán *apostóligo(s)* que se le nas pasaxes correspondentes da *Primera Crónica General* (PCG): “Et este ano moreu Eugenio papa, et foy posto en seu logar Valentino, el primeyro; et conpríronse cō el noueenta et oyto *apostoligos*” (TC, 8.49); “Et logo que o soube Carlos, seu tio, rrey de França, ffoysse para Rroma quan[t]o mays pode et deu muy grãde auer ao *apostoligo* Joham et aos rromaos que lle ajudassem a auer o enperio” (TC 56.24); etc. Hai, con todo, un caso en que, fronte ao semicultismo *apostóligos* de PCG (vol. 2, p. 361), o tradutor de TC optou pola forma culta *apostólicos*: “Mays este papa Valentino nō viueu mays de XL^a días, et alçaron en seu lugar Gregorio papa quarto; et forō com ele noueenta et IX^e *apostolicos*” (TC, 8.51). Derivados deste substantivo por sufixación, usáronse tamén en TC *apostoligado* ‘papado’ (86.28) e mais o adxectivo *apostoligal* (820.11) ou *apostoligar* (58.12) ‘papal’, que, ao igual ca a palabra primitiva, están directamente ligados aos *apostoligado* e *apostoligal* de PCG, co único pormenor de que á ocorrencia de *apostoligar* en TC lle corresponde *apostoligal* en PCG: “salut e *apostoligal* bendicion” (vol. 2, p. 380).

Da oficialización da designación do papa como *apostólico* ou *apostóligo* deu noticia Joaquim de Santa Rosa de Viterbo baixo a entrada *apostóligo* do seu *Elucidario*:

Ainda que todos os bispos foram antigamente chamados *apostólicos* ou porque, nas suas respectivas dioceses, tinham todo o poder para apascentar espiritualmente o seu rebanho ou porque eles eram os fillos, que a Igreja santa constituiu príncipes por toda a redondeza, em lugar dos apóstolos, que tinham sido os seus pais e fundadores, contudo, no concílio de Reims, de 1049, foi reservado ao Sumo Pontífice, por antonomásia, o título de *apostólico*; e ali mesmo foi excomungado o arcebispo de Santiago de Galiza, que se arrogava o nome de *apostólico*, não obstante o prejuízo em que estava de que o glorioso patrão das Espanhas fundara, em sua vida, a igreja compostelana (Viterbo 1962-1966: I, 532, s.v. *apostoligo*).

Na *Primera Partida* de Afonso X consagráronse as primeiras leis do Tratado V a expoñer a doutrina sobre o estatuto do papa ou *apostóligo*, de quen, entre outras cousas, se dicía o seguinte: “E cuemo quier que los otros obispos sean en logar de los apóstoles, así cuemo auemos dicho, porque este tiene sennaladamiente logar de Sant Pedro, a qui Dios adelantó sobre todos los apóstoles, por esso llaman a éste apostóligo e no a los otros” (Afonso X 1975: 64).

En Galicia o uso medieval escrito deste semicultismo e da súa familia léxica está vinculado á produción en romance, e nomeadamente a TC, pois no resto das fontes conservadas a súa presenza é residual e non parece ir máis alá do terceiro cuartel do século XIV. O *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (CODOLGA) non ofrece ningún rexistro del, ao paso que do lexema *apostolic-* achega 1208 exemplos tomados de 546 documentos latinos de entre os anos 572 e 1500. Con todo, creo que o que sabemos permite afirmar que *apostóligo* é un caso máis que, xunto a outros, amosa a longa permanencia que tivo no romance ibérico central e noroccidental o hábito de sonorizar as consoantes xordas intervocálicas que contiñan os latinismos que se tomaban⁵. Obviamente, este hábito pugnou durante moito tempo coas tendencias conservadoras que coutaban a sonorización, e debeu de ir recuando a medida que desde a segunda metade do século XI se foi estendendo e consolidando a reforma cluniacense polas terras de Castela, León, Galicia e Portugal.

Canto á produción en romance galego, o Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG), aparte das moi numerosas de TC, só presenta dúas documentacións do substantivo *apostoligo* ‘papa’ no século XIII (“mas ante que eu en el

5 Para casos rexistrados na documentación leonesa dos séculos X e XI, cf. Menéndez Pidal (2005: I, 321-323), onde poden verse mostras tanto da persistencia da variación entre formas con e sen sonorización (*tidulus* e *titulus*, *nodicia* e *notitia*) coma de latinismos con sonorización que, coma *apostóligo*, finalmente non se consolidaron no romance: *abostoli*, *edivicium* < AEDIFICIUM, *udesilium* < UTENSILIUM, etc.

faça ren, seus pecados dirá / ant' *Apostolig'* e ante vos, como os feitos á", CSM, 5.168; CDMACM, p. 62, ano 1270) e outras dúas de *apostoligo*, mais como adxectivo, en documentos notariais do XIV: "nos los outorgamos os perdoes que os padres santos *apostoligos* de Roma outorgaron aos benefeytores dos moesteyros da dita ordiin" (MB, p. 481, ano 1340), "Fernan Martines, chaanter et notario *apostoligo*" (OMOM, p. 149, ano 1375). Ademais disto, lese o substantivo *apostolego* nun documento de 1261 editado por Margot Sponer: "falualas cartaf que téem feytal per lo bispo d'Ourénf, juyzado do *apostolego*" (DAG, p. 32, ano 1261). Por tanto, podemos afirmar que desde aproximadamente 1375 en diante semella abandonarse en galego o uso do semicultismo *apostóligo* ao tempo que na documentación notarial e nos escasos textos en prosa non notarial conservados (*Miragres de Santiago*, *Crónica de Santa María de Iria*) ía cobrando vigor o dos adxectivos de feitura culta *apostólico* e *apostolical*. Do dito dedúcese tamén que o emprego de *apostóligo* como substantivo sinónimo de *papa* en textos galegos medievais está moi vencellado coa produción prosística e poética do escritorio de Afonso X (PCG e a súa tradución galega, mais tamén CSM) e non parece ir máis alá da finalización de TC (é dicir, de 1312), de maneira que de alí en diante *papa* deixará xa de sufrir a débil competencia que ata entón lle fixera *apostóligo*.

Consonte Lorenzo (1975-1977: II, 147), o semicultismo *apostóligo* usouse tamén no portugués e no castelán medievais, mais "la palabra tiene uso limitado y no debe sobrevivir al siglo XV". De feito, aínda que o CORDE menciona para o castelán tres casos illados do século XV, a gran maioría dos outros rexistros que ofrece son do XIII (sobre todo das obras de Afonso X e da *Gran conquista de Ultramar*) e xa en menor medida do XIV. En sintonía con isto, n'*O Corpus do portugués* de Davies e Ferreira non se encontran documentacións posteriores ao século XIV, e as que se dan proceden case todas de obras afonsinas ou de estirpe afonsina (*Primeira Partida* e *Crónica Geral de Espanha de 1344*). Quen consulte o *Diccionario de diccionarios* editado por Santamarina (2003) verá que en galego a única "vida" posmedieval que se lle pode sinalar a esta palabra é a de aparecer no *Diccionario gallego-castellano* da Real Academia Galega (1913-1928) como variante de *apostólico*, coa significativa particularidade de que baixo a entrada *apostóligo* desta obra non se ofrece outra cousa que unha remisión a *apostólico*, onde só depois de expoñer as súas acepcións como adxectivo se presenta a voz como substantivo coa lacónica definición de "El Papa". Anteriormente, *apostóligo* só aparecera como adxectivo no *Diccionario gallego-castellano* (1884) de Marcial Valladares ("Apostólico, perteneciente á los apóstoles, ó al Papa") e como entrada sen definición no *Diccionario gallego-castellano* de Francisco Porto Rey, do ano 1900. O Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG) non ofrece ningún rexistro escrito posmedieval, o que con certeza significa que o que se fixo na primeira

obra lexicográfica da Real Academia Galega foi recoller un uso medieval da voz que se debeu de perder xa no século XIV.

En vista de todo o anterior, é lóxico que no moderno estándar galego só se recollese a forma culta *apostólico*, á que, como substantivo, non se lle atribúe a acepción de ‘papa’.

2.2. Consideracións finais

Considero probable que un estudo a fondo dos cultismos e os semicultismos do galego medieval nos revele a existencia dun reducido grao de orixinalidade. Na listaxe de voces cultas e semicultas que como froito de tal traballo se poida elaborar haberá poucas que non fosen compartidas polo menos co castelán e co portugués medievais, e aínda con outros romances ibéricos. Dunha banda, debemos recordar que para o galego medieval non conservamos prosa non notarial que non fose prosa traducida, e que boa parte desas traducións tiveron como lingua fonte o castelán. Cando o galego medieval comezaba a consolidarse como lingua escrita no segundo terzo do século XIII, o Reino de Galicia, perdido o protagonismo de antano, acababa de consumir a súa integración na nova estrutura política liderada por Castela (ano 1230), na que tería un papel cada vez máis periférico e dependente. En Galicia xa non habería posteriormente ningún escritorio de entidade suficiente para producir unha masa importante de distintos xéneros de prosa galega orixinal, un escritorio que, ao estilo do da corte de Afonso X en Castela, puidese vir a funcionar como oficina forxadora dun léxico culto propio e non emprestado. E, canto á poesía, haberá que lembrar que as *Cantigas de Santa María* se compuxeron precisamente no escritorio do Rei Sabio de Castela na segunda metade do século XIII, e tamén que non poucos autores de cantigas profanas da época viviron e escribiron nos ambientes literarios das cortes de Castela e Portugal. En fin, a fluidez do comercio cultural que se deu entre os distintos reinos e territorios do centro e o occidente ibéricos durante o final da Idade Media, sobre a que teñen escrito Catalán (1995: 533-534) e Lorenzo (2002), non permite concibir expectativas de que nos textos galegos da época se poidan rastrexar moitos cultismos e semicultismos que non estean presentes tamén nas fontes castelás e portuguesas.

Fáltannos aínda traballos que estuden con sistematicidade as tendencias cara á maior ou menor adaptación dos latinismos no galego medieval, pero intúo que os resultados de tales estudos non deseñarán para o galego daqueles tempos unha situación moi diferente da que coñecemos para o castelán, o portugués e outros romances. No entanto, a historia posmedieval do galego, o portugués e o castelán é ben diverxente, de modo que, evidentemente, para a nosa lingua non se pode falar do triunfo

das tendencias non adaptadoras a partir do século XVIII⁶. Intuitivamente, eu diría que no galego escrito antes dos inicios da elaboración do estándar arredor de 1980 prevaleceron as ditas tendencias adaptadoras, coas lóxicas matizacións que habería que introducir para se referir a determinados autores, a determinados grupos ou a determinadas épocas. Polo contrario, desde arredor de 1980 para acó a forxa do estándar significou que neste aspecto o galego se acomodase ás pautas que no tocante á incorporación dos latinismos veñen imperando nas linguas románicas que podemos hoxe considerar “linguas de cultura”. Isto quere dicir que na elaboración do noso estándar prevaleceron as tendencias non adaptadoras ou, en todo caso, as adaptacións menos intervencionistas ou máis lixeiras. O acontecido co tratamento dispensado aos grupos consonánticos homosilábicos e heterosilábicos exemplifica ben o sentido desta afirmación, mesmo no tocante á influencia que as formas gráficas consagradas na escrita están a exercer actualmente sobre determinados estilos da lingua oral.

En fin, dadas as evidentes relacións que a introdución de latinismos ten coa creación doutrinal e estética en romance, creo que o estudo histórico desta actividade lingüística en galego demandará unha análise do contexto social e cultural que en cada época a condicionou. Cando o traballo de investigación estea rematado, poderanse marcar distintas fases que balicen o proceso histórico da introdución de cultismos na nosa lingua, indicando en cada caso as motivacións que en cada época, corrente cultural, grupo literario, autor ou obra estimularon a súa incorporación, así como as distintas maneiras de acomodación formal (fonética, morfolóxica) e semántica que en cada caso se adoptaron. Con certeza, esta creativa actividade lingüística da incorporación de cultismos naceu por causas distintas e adoptou maneiras distintas en épocas e ambientes distintos como poden ser o do notariado baixomedieval que abandonaba o latín para comezar a traballar en romance, o poeta académico do século XVII que compoñía en latín ou en castelán e ocasionalmente en galego, o escritor da Época Nós empeñado na elaboración dun galego literario ou o terminólogo que cara ao final do século XX buscaba o establecemento dun léxico galego en tecnoloxos que anteriormente non se cultivaran na nosa lingua.

6 Repárese nas seguintes observacións de Clavería Nadal (1991: 51-52): “En la historia de la adquisición y pervivencia de los latinismos aparecen tendencias contrapuestas: la inclinación hacia la adaptación, especialmente en la lengua oral, coexiste con el mantenimiento de la forma menos adaptada, protegida por la lengua escrita y el impacto de la forma gráfica, y estimulada por poderosas razones de prestigio. Esta coexistencia explica la aparición de formas alternantes con distintos grados de adaptación, las remodelaciones y el hecho de que en el proceso de estandarización de la lengua, especialmente en la fijación llevada a cabo en el siglo XVIII, se imponga en muchos casos la forma menos adaptada”.

Bibliografía

- ALFONSO X (1975): *Primera Partida según el manuscrito ADD. 20.787 del British Museum*. Edición por Juan Antonio Arias Bonet con estudios complementarios de Guadalupe Ramos, José Manuel Ruiz Asencio y Juan Antonio Arias Bonet. Universidad de Valladolid.
- ALGA 3: Instituto da Lingua Galega (1999): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 3: Fonética. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- BUSTOS TOVAR, J. J. de (1974): *Contribución al estudio del cultismo léxico medieval*. Anexo XXVIII del *Boletín de la Real Academia Española*. Madrid.
- CATALÁN, D. (1995): "La expansión al occidente de la Península Ibérica del modelo historiográfico 'Estoria de España' - Nuevas precisiones", in C. da CUNHA PEREIRA / P. R. DIAS PEREIRA (orgs. e coords.) (1995): *Miscelânea de estudos lingüísticos, filológicos e literários in Memoriam Celso Cunha*. Rio de Janeiro: Nova Fronteira, pp. 521-534.
- CLAVERÍA NADAL, G. (1991): *El latinismo en español*. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona.
- CLAVERÍA NADAL, G. (1998): "El concepto de semicultismo en el *Manual de gramática histórica española* de R. Menéndez Pidal", in G. RUFFINO (ed.): *Atti del XXI Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza (Centro di studi filologici e linguistici siciliani, Università di Palermo, 18-24 settembre 1995)*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, vol. 1, pp. 109-119.
- CODOLGA: Centro de Investigación en Humanidades Ramón Piñeiro: CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae) <http://balteira.cirp.es/codolga/> [setembro de 2006].
- CORDE: REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE) [en línea]. *Corpus diacrónico del español*. <<http://www.rae.es>> [setembro, 2006].
- DAVIES, M. & M. FERREIRA: *O Corpus do Português (46.000.000 words / palavras, 1200s - 1900s)*. National Endowment for the Humanities (<http://www.corpusdoportugues.org/>) [setembro, 2006].
- GARCÍA, C. (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Universidade de Santiago de Compostela.
- LORENZO, R. (1975-1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. 2 vols. [Vol. 1: *Introducción, texto anotado e índice onomástico*, 1975. Vol. 2: *Glosario*, 1977]. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".

- LORENZO, R. (2002): "La interconexión de Castilla, Galicia y Portugal en la confección de las crónicas medievales y en la transmisión de textos literarios", *Revista de Filología Románica* 19, pp. 93-123.
- MALKIEL, Y. (1957): "Préstamos y cultismos", *Revue de Linguistique Romane*, XXI, 81-82, pp. 1-61.
- MENÉNDEZ PIDAL, R. (2005): *Historia de la Lengua española*. 2 vols. Madrid: Fundación Menéndez Pidal / Real Academia Española.
- PATTERSON, W. T. & H. URRUTIBÉHEITY (1975): *The Lexical Structure of Spanish*. Berlin: Mouton.
- PCG: *Primera Crónica General de España editada por Ramón Menéndez Pidal con un estudio actualizador de Diego Catalán*. 2 vols. 3ª reimpresión. Madrid: Gredos, 1977.
- SANTAMARINA, A. (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios. Versión 3*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- TILG: A. Santamarina (dir.) (2003): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega (<http://www.ti.usc.es/TILG/>) [setembro, 2006].
- TMILG: X. Varela Barreiro (dir.) (2004): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/tmilg>) [setembro, 2006].
- VITERBO, Fr. J. de Santa Rosa de (1962-1966): *Elucidário das palavras, termos e frases que em Portugal antigamente se usaram e que hoje regularmente se ignoram: obra indispensável para entender sem erro os documentos mais raros e preciosos que entre nós se conservam*. Edição crítica baseada nos manuscritos e originais de Viterbo por Mário Fiúza. 2 vols. Porto: Civilização [1ª ed., 1798-1799].